

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

17170 *Real decreto lei 17/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen medidas complementarias para paliar os danos producidos polos movementos sísmicos acaecidos en Lorca o 11 de maio de 2011, se modifica o Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, e se adoptan medidas fiscais e laborais respecto da illa de El Hierro.*

O Goberno da Nación aprobou, con data do 13 de maio deste ano, o Real decreto lei 6/2011, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o día 11 de maio de 2011 no municipio de Lorca (Murcia).

A evolución no proceso de xestión do conxunto das axudas e medidas paliativas e reparadoras que regula o Real decreto lei 6/2011, aprobado dous días despois de se producir o terremoto, puxo de manifesto a necesidade de modificar e complementar a regulación dada a algunhas delas e a de atender necesidades que se manifestaron con posterioridade.

Este real decreto lei ten, por tanto, unha dobre finalidade. Por unha banda preténdese complementar as axudas previstas en maio de 2011 para atender a cobertura dos danos e as necesidades non manifestadas inicialmente; e, doutra banda, revisar a regulación dalgunhas delas para dotalas dunha maior eficacia.

As medidas que agora se adoptan son as seguintes:

– Posta en marcha dunha liña de axudas ao Concello de Lorca para a recuperación do comercio no dito municipio; para este efecto destínase o 25 por 100 da dotación para 2011 da partida orzamentaria 20 07. 4310. 751 do Plan de Mellora da Produtividade e Competitividade do Comercio 2009-2012.

– Posta en marcha dunha convocatoria específica de axudas para Lorca dentro do Programa de reindustrialización do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Esta convocatoria contará, para o ano 2012, cunha dotación dun millón de euros como subvención e doce millóns de euros en anticipos reembolsables, e manterase como mínimo ata 2013.

– Concesión dunha subvención directa á Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia para financiar a reparación dos danos materiais nas súas infraestruturas, equipamentos e instalacións sanitarias e a reposición do seu material sanitario, por importe dun millón de euros, que se aboarán con cargo ao orzamento 2011 do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.

– Autorización do diferimento do prazo regulamentario de ingreso das cotas da Seguridade Social, en idénticos termos aos establecidos no artigo 14.3 do Real decreto lei 6/2011, respecto doutras seis mensualidades, correspondentes ás liquidacións de setembro de 2011 a febreiro de 2012 para as empresas, e de outubro de 2011 a marzo 2012 para os traballadores autónomos.

– Establecemento de incentivos fiscais en relación coas actuacións dirixidas á rehabilitación do patrimonio cultural de Lorca afectado polos movementos sísmicos, ás cales se outorgará pola Lei de orzamentos xerais do Estado para 2012 a consideración legal de actividades prioritarias de mecenado.

– Bonificación do 50 por 100 nos aranceis notariais e rexistrais cando deriven de feitos, actos ou negocios xurídicos relacionados coas vivendas ou locais situados no municipio de Lorca que fosen destruídos ou demolidos como consecuencia dos graves danos provocados polos movementos sísmicos e cuxa reconstrución se acometa dentro dos prazos sinalados e ata xuño de 2014.

– Bonificación do 50 por 100 dos aranceis correspondentes á inscrición da constitución de novas sociedades de responsabilidade limitada no Rexistro Mercantil que se produza ata xuño de 2014.

– Compensación polo Estado na metade do seu importe da bonificación que o Concello de Lorca poida acordar para 2012 nas taxas por concesión de licenza de actividade para reapertura ou instalación de novos comercios en Lorca.

Así mesmo, este real decreto lei actualiza a regulación dalgunhas das medidas xa recollidas no Real decreto lei 6/2011, no seguinte sentido.

– Establécense axudas con carácter excepcional para cubrir os gastos en que incorra o Concello de Lorca derivados das actuacións imprescindibles e inaprazables que se acometan para garantir a protección dos bens do patrimonio cultural da cidade fronte a fenómenos meteorolóxicos susceptibles de producir nos ditos bens danos que agraven a deterioración que xa sofren como consecuencia do terremoto.

– Inclúense excepcionalmente no ámbito de aplicación do artigo 3.1.c) do devandito real decreto lei como beneficiarios das axudas para a reconstrución de vivendas que fosen totalmente destruídas os seus propietarios, con independencia de que a vivenda constituíse ou non o seu domicilio habitual, sempre que polo menos o 80 por 100 das vivendas do edificio constituísen o domicilio habitual dos seus propietarios no momento do sinistro. Con esta ampliación perséguese evitar que unha minoría de propietarios non residentes habituais no edificio sinistrado bloqueen as decisións de reconstrución da maioría dos propietarios que si teñen nel o seu domicilio habitual.

– Establécese unha axuda excepcional para a comunidade de propietarios polo valor de taxación dos danos en elementos comúns dos edificios danados, cun máximo de 3.000 euros por cada vivenda ou elemento privativo existente no edificio e destinada á reparación dos ditos elementos comúns.

– Inclúense, así mesmo, e excepcionalmente no ámbito obxectivo das axudas, as relativas á reparación e reconstrución de locais ou establecementos mercantís, industriais ou de servizos, sempre que no momento de producirse o sinistro estivesen asegurados.

– Establécense as novas condicións financeiras da liña de préstamos do ICO para incluír no seu ámbito obxectivo o financiamento da reparación dos danos a locais comerciais, estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2012 e ampliar a sete anos o prazo de amortización. Prevese, así mesmo, que os prestameiros que xa formalizasen operacións coas entidades de crédito poidan acollerse ás novas condicións financeiras da liña de préstamos do ICO, logo de solicitude á entidade de crédito con que se formalizase a operación.

Así mesmo, neste real decreto lei inclúense dous artigos para regular beneficios fiscais e laborais para os residentes na illa de El Hierro coa finalidade de paliar os prexuízos que derivan dos movementos sísmicos e das erupcións volcánicas acaecidos na illa desde o pasado mes de xullo.

Finalmente, incorpórase a este real decreto lei unha modificación do punto 1 da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, coa finalidade de incorporar na listaxe de organismos que nela se contén a Comisión Nacional do Xogo e a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria, e mencionar correctamente o citado na dita disposición como Ente Público RTVE.

A adopción deste real decreto lei encontra a súa xustificación na mesma causa que habilitou a aprobación do Real decreto lei 6/2011, é dicir, a necesidade de aprobación de axudas excepcionais dada a inadecuación das regras que se conteñen no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, así como a necesidade de que as medidas que se adoptan se poñan en marcha de forma inmediata para paliar os danos sufridos.

Na súa virtude, e en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos e ministra de Economía e Facenda, e dos ministros da Presidencia, do Interior, de Xustiza, de Fomento, de Traballo e Inmigración, de Cultura, de Industria, Turismo e Comercio e de Sanidade, Política Social e Igualdade, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

As medidas excepcionais establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos ocasionados polos movementos sísmicos acaecidos o día 11 de maio de 2011 no municipio de Lorca (Murcia), como complemento das xa previstas no Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio.

Artigo 2. *Axudas ao comercio de Lorca.*

1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio concederá axudas para a execución de proxectos de especial interese para o sector do comercio de Lorca, por un importe dun millón cincocentos mil euros con cargo ao crédito consignado nos orzamentos xerais do Estado para o Plan de Mellora da Produtividade e Competitividade do Comercio 2009-2012, no exercicio 2011, de conformidade co Acordo adoptado pola Mesa de Directores Xerais de Comercio Interior do 28 de xullo de 2011.

2. Os proxectos de especial interese do comercio de Lorca susceptibles de financiamento incluíranse dentro das seguintes liñas do plan de mellora:

- a) Obras de construción, ampliación ou acondicionamento e modernización dos edificios ou instalacións comerciais.
- b) Danos ou deterioracións nos establecementos comerciais individuais, en atención á superficie de exposición e venda danada como consecuencia do sismo.
- c) A adecuación e modernización de mercados comerciantes retalistas municipais.
- d) Actuacións destinadas á consolidación e mellora de centros comerciais abertos.
- e) Conversión en peonís de eixes comerciais.
- f) Adecuación de espazos para a venda non sedentaria.

3. A posta en marcha desta liña de axudas articularase a través da sinatura do correspondente convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o Concello de Lorca, que será responsable da súa xestión.

4. O prazo para a execución dos proxectos e a xustificación das axudas por parte do Concello de Lorca non poderá exceder un ano desde que se poñan á súa disposición os fondos, prazo que se poderá prorrogar pola metade do inicialmente concedido en casos debidamente xustificadas.

Artigo 3. *Programa específico para a dinamización industrial de Lorca.*

1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio porá en marcha e financiará un programa de axudas á reindustrialización para Lorca, no marco das axudas para actuacións de reindustrialización durante o período 2007-2013, dirixidas á recuperación do seu tecido industrial, por un importe dun millón de euros en subvención e doce millóns de euros en anticipos reembolsables para o ano 2012.

2. O dito programa de reindustrialización desenvolverase en 2012 e manterase como mínimo ata 2013. Articularase mediante unha convocatoria específica de axudas que se efectuará conforme a Orde ITC/3098/2006, do 2 de outubro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas para actuacións de reindustrialización durante o período 2007-2013.

3. As axudas irán destinadas a apoiar:

a) Iniciativas industriais: investimentos en activos materiais relativos á creación de novos establecementos industriais e á ampliación ou mellora de unidades produtivas existentes, para atender procesos de diversificación empresarial ou de mercados, e solucións tecnolóxicas para a mellora da produtividade das pequenas e medianas empresas.

b) Infraestruturas industriais: iniciativas tendentes a conseguir solo industrial de calidade, competitivo, con adecuadas infraestruturas de enerxía e comunicacións, que faga atractivo o municipio de Lorca para o crecemento empresarial.

Artigo 4. Subvención extraordinaria para infraestruturas e dotacións sanitarias.

1. Concédese unha subvención directa á Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia para financiar a reparación dos danos materiais nas súas infraestruturas, equipamentos e instalacións sanitarias, causados polos movementos sísmicos do 11 de maio de 2011 na localidade de Lorca, así como á reposición de material sanitario.

2. As razóns de interese público que concorren na concesión desta subvención de carácter singular determinan a improcedencia da súa convocatoria pública.

3. A concesión da subvención formalizarase mediante un convenio de colaboración entre o Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade e a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.

4. Será beneficiaria desta subvención a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, que quedará suxeita ás obrigas previstas no convenio de concesión e nos artigos 14 e concordantes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como ao réxime de contratación establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

5. O importe da subvención será dun millón de euros e financiarase con cargo ás dotacións orzamentarias existentes en 2011 no Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, e aboarase nun único pagamento tras a formalización do convenio de concesión.

6. A Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia deberá xustificar, ante o Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, os investimentos ou gastos realizados tras a entrada en vigor deste real decreto lei mediante a presentación de conta xustificativa, segundo se regula no artigo 72 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que conterá unha memoria de actuación xustificativa da realización das actividades obxecto de subvención e unha memoria económica dos desembolsos realizados.

A conta xustificativa será asinada polo titular do centro directivo que xestione a subvención e será adverada polo interventor da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e presentada antes do 31 de marzo de 2012.

7. Exixirase o reintegro co xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento, nos casos e nos termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

8. Adoptaranse as modificacións orzamentarias necesarias para o cumprimento do disposto neste artigo.

Artigo 5. Ampliación do prazo de ingreso de cotas da Seguridade Social.

A autorización para diferir o prazo regulamentario de ingreso das cotas da Seguridade Social, nos termos previstos no punto 3 do artigo 14 do Real decreto lei 6/2011 poderá estenderse, por solicitude dos interesados, ás cotas correspondentes aos períodos de liquidación de setembro de 2011 a febreiro de 2012 para as empresas e de outubro de 2011 a marzo de 2012 para os traballadores autónomos.

Artigo 6. Deducións fiscais para a recuperación do patrimonio cultural de Lorca.

A Lei de orzamentos xerais do Estado para 2012, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, considerará actividades prioritarias de mecenado durante os anos 2011 e 2012 as doazóns e achegas vinculadas á execución dos proxectos incluídos no Plan Director de Recuperación do Patrimonio Cultural de Lorca e, para ese efecto, as porcentaxes e os límites das deducións establecidas nos artigos 19, 20 e 21 da citada Lei 49/2002 elevaranse en cinco puntos porcentuais.

Iso sen prexuízo das deducións fiscais que poida adoptar a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, de conformidade co disposto na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Artigo 7. Bonificacións en aranceis notariais e rexistrals.

1. Os dereitos derivados da aplicación das escalas previstas nos números 1 e 2 do anexo 1 do Real decreto 1426/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos notarios, e no número 2 do anexo I do Real decreto 1427/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos rexistradores da propiedade, bonificaranse nun 50 por 100 cando afecten vivendas e locais ou establecementos mercantís, industriais ou de servizos situados no municipio de Lorca que fosen destruídos ou demolidos como consecuencia dos movementos sísmicos que tiveron lugar na dita localidade o 11 de maio de 2011, e sempre que a súa reconstrución se acometa dentro dos prazos concedidos en cada caso pola Comisión Mixta creada polo Real decreto lei 6/2011.

2. As bonificacións previstas neste artigo serán de aplicación ata o 30 de xuño de 2014 e serán acumulables ás demais bonificacións ou rebaixas aplicables de acordo coa normativa vixente.

Artigo 8. Bonificación da inscrición de novas sociedades de responsabilidade limitada.

1. Establécese unha bonificación do 50 por 100 dos aranceis correspondentes á inscrición no Rexistro Mercantil da constitución de novas sociedades de responsabilidade limitada que teñan o seu domicilio social en Lorca, sempre que nesta localidade se centralice efectivamente a xestión administrativa e a dirección dos seus negocios.

2. Esta bonificación aplicarase só ás inscricións de novas sociedades de responsabilidade limitada que se produzan ata o 30 de xuño de 2014.

Artigo 9. Bonificación de licenzas de apertura.

O Estado compensará na metade do seu importe a bonificación que o Concello de Lorca poida acordar para 2012 nas taxas por concesión de licenza de actividade por reapertura ou instalación de novos comercios en Lorca.

Artigo 10. Beneficios fiscais para a illa de El Hierro.

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmoables correspondentes ao exercicio 2011 que afecten vivendas, establecementos industriais e mercantís, centros de mergullo e actividades marítimas, locais de traballo e similares situados na illa de El Hierro, danados como consecuencia dos movementos sísmicos e erupcións volcánicas acaecidos na illa desde o pasado mes de xullo, cando se acredite que tanto as persoas coma os bens situados neles tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos.

2. Concédeseelles unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio de 2011 ás industrias de calquera natureza, establecementos

mercantís, industriais ou de servizos cuxos locais de negocio ou bens afectos a esa actividade fosen danados como consecuencia directa dos movementos sísmicos e as erupcións volcánicas acaecidos na illa, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche temporal da actividade. A redución indicada será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se produciu o cesamento da actividade ata o seu restablecemento en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais, xa sexa noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a iso, o suposto de cesamento no exercicio daquela, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2010.

3. A exención e redución das cotas nos tributos sinalados nos puntos anteriores comprenderán a das recargas legalmente autorizadas.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito aos beneficios establecidos neste artigo, satisfixesen os recibos correspondentes ao dito exercicio fiscal, poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5. A diminución de ingresos que o disposto neste artigo produza nos concellos de La Frontera, El Pinar e Valverde será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

6. Estarán exentas das taxas da Xefatura Central de Tráfico establecidas pola Lei 16/1979, do 2 de outubro, a tramitación das baixas de vehículos solicitadas que deriven dos movementos sísmicos e as erupcións volcánicas acaecidos na illa desde o pasado mes de xullo.

Artigo 11. *Medidas laborais e de Seguridade Social para a illa de El Hierro.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa directa nos movementos sísmicos e as erupcións volcánicas acaecidos na illa, así como nas perdas de actividade directamente derivadas deles que queden debidamente acreditados, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores serán por conta do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo con base en circunstancias excepcionais, o Servizo Público de Emprego estatal poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que deriven directamente dos feitos indicados, non se compute para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos ditos expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a elas.

2. Para levar a cabo as obras de reparación dos danos causados, as administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do servizo público de emprego competente a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

3. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social autorízalles a aquelas empresas que teñan traballadores en alta, así como os traballadores encadrados no réxime especial de traballadores autónomos que resultasen afectados polos movementos sísmicos e as erupcións volcánicas acaecidos na illa e así o acrediten, a ampliación do prazo regulamentario do ingreso das cotas da Seguridade Social.

As cotas cuxo prazo de ingreso poderá ser ampliado serán correspondentes aos seis meses seguintes á data deste real decreto lei; iniciarase o cómputo na liquidación de

setembro de 2011 para as empresas, e na liquidación do mes de outubro de 2011 para os traballadores autónomos.

A autorización para diferir o prazo de ingreso das cotas será como máximo de doce meses contados desde a data en que estas deberon ser ingresadas.

A presentación das solicitudes deberase efectuar no Centro de Atención e Información (CAISS) do Instituto Nacional da Seguridade Social en El Hierro.

As cotas cuxo prazo de ingreso fose ampliado non comportarán recargas nin xuros.

O desconto das achegas dos traballadores e o seu ingreso deberase efectuar no prazo regulamentario.

A competencia para resolver e autorizar a ampliación do prazo recaerá no director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Igualmente, e para os períodos a que se refire o punto segundo, a Tesouraría da Seguridade Social poderá conceder adiamentos das cotas da Seguridade Social para os empresarios e traballadores autónomos afectados. En relación con tales adiamentos e tendo en conta as circunstancias acaecidas, poderanse conceder tres adiamentos consecutivos por cada unha das cotas ou un só, comprensivo de tales períodos. Igualmente, poderanse prever períodos de amortización de ata doce meses.

Nos supostos de imposibilidade de cumprimento dos prazos administrativos previstos na normativa que regula as obrigas en materia de inscrición de empresas de afiliación, alta e baixa de traballadores, e recadación de cotas, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá autorizar a ampliación dos prazos establecidos cando xustifiquen a dita necesidade as empresas e os traballadores autónomos.

Disposición adicional única. *Acollemento ás novas condicións das liñas preferentes de crédito.*

Os prestameiros que formalizasen operacións coas entidades de crédito, ao abeiro do previsto no artigo 16 do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o 11 de maio de 2011 en Lorca (Murcia) poderanse acoller ás novas condicións financeiras da liña de préstamos do ICO, establecidas na disposición derradeira primeira. oito deste real decreto lei, logo de solicitude á entidade de crédito coa cal se formalizou a operación.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o 11 de maio de 2011 en Lorca, Murcia.*

O Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o 11 de maio de 2011 en Lorca (Murcia) queda modificado nos termos seguintes:

Un. Axudas excepcionais á protección do patrimonio cultural.

Engádesse un segundo parágrafo ao punto 1.b) do artigo 3, que queda redactado nos seguintes termos:

«Así mesmo, excepcionalmente, concederanse axudas para cubrir os gastos en que incorra o Concello de Lorca derivados das actuacións imprescindibles e inaprazables que se acometan para garantir a protección dos bens do patrimonio cultural da cidade fronte a fenómenos meteorolóxicos susceptibles de producir nos ditos bens danos que agraven a deterioración que xa sofren como consecuencia do terremoto do 11 de maio de 2011.

O inventario das actuacións, coas especificacións técnicas da súa execución para cada un dos bens integrantes do patrimonio cultural sobre o cal se actúe, deberá ser aprobado polo Ministerio de Cultura, a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e o Concello de Lorca nun prazo de dez días desde a entrada en vigor deste real decreto lei.»

Dous. Axudas excepcionais á reconstrución de vivendas.

Engádesse un segundo parágrafo ao punto 1.c).1 do artigo 3, que queda redactado nos seguintes termos:

«Excepcionalmente, poderanse beneficiar desta axuda os propietarios de vivendas demolidas que non constitúan a súa vivenda habitual sempre que polo menos o 80 por 100 das vivendas do edificio sinistrado si constitúan o domicilio habitual dos seus propietarios.»

Tres. Axudas excepcionais ás comunidades de propietarios.

Dáselles nova redacción aos puntos 1.c).2 e 3 do artigo 3, que quedan redactados do seguinte modo:

«2. Se a vivenda non resultase destruída ou demolida, senón danada, os seus propietarios, no caso de que a dita vivenda constituíse o seu domicilio habitual, poderán ser beneficiarios dunha axuda económica cuxa contía máxima será de 24.000 euros para a súa reparación ou rehabilitación.

As comunidades de propietarios poderán ser beneficiarias dunha axuda económica adicional para a rehabilitación ou reparación dos danos que sufrisen os elementos comúns do edificio. A súa contía será igual ao importe do dano cun límite máximo de 3.000 euros por cada vivenda ou elemento privativo existente no edificio.

Esta axuda ingresarase na conta bancaria da que sexa titular a comunidade de propietarios ou naquela que, segundo acordo da comunidade, se indique.

3. No caso de que o propietario non solicitase as axudas previstas nos puntos 1 e 2 anteriores, poderán ser beneficiarios destas axudas previstas para a reconstrución, rehabilitación ou reparación dunha vivenda sinistrada os que a ocupasen como domicilio habitual, en calidade de usufrutuarios ou arrendatarios con contrato sometido a prórroga forzosa. En tal caso, para os efectos da súa reconstrución, rehabilitación ou reparación, resultará perceptor da axuda correspondente quen acredite ser propietario do inmovible.»

Catro. Dáse nova formulación á letra a) do artigo 4, que queda redactada do seguinte modo:

«a) Ter a súa residencia no municipio de Lorca (Murcia) e que a vivenda sinistrada constituía o seu domicilio habitual con anterioridade á produción do sinistro. Non se exixirá o requisito do domicilio habitual no caso das axudas para a reconstrución de vivendas destruídas ou demolidas a que se refire o punto 1.c) 1 do artigo anterior.»

Cinco. Axuda excepcional para reparación de locais danados ou demolidos.

Engádesse unha nova letra d) no punto 1 do artigo 3, coa seguinte redacción:

«d) Para a reparación, rehabilitación e reconstrución de locais ou establecementos mercantís, industriais ou de servizos:

Os titulares dos locais ou establecementos mercantís, industriais ou de servizos que teñan menos de cincuenta empregados e que como consecuencia do sismo se destruísen, demolesen ou danasen poderán ser beneficiarios dunha axuda económica polo importe dos danos sufridos e ata un máximo de oito mil euros, sempre que no momento de producirse o sinistro estivesen asegurados.»

Seis. Comunicación aos interesados das propostas de axudas aprobadas.

Dáse nova formulación aos dous primeiros parágrafos do artigo 7, que quedan redactados do seguinte modo:

«Para a valoración, determinación e contía das axudas concedidas a particulares, en virtude das solicitudes presentadas, por arrendamento, reconstrución, rehabilitación ou reparación de vivendas ou locais ou establecementos mercantís, industriais ou de servizos, conforme o establecido no artigo 3, crearase unha comisión mixta copresidida polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e o conselleiro de Obras Públicas e Ordenación do Territorio da dita comunidade autónoma, e composta por un representante da Administración xeral do Estado, un representante da Administración autonómica e un representante do Concello de Lorca.

A dita comisión mixta, atendendo a criterios de equidade, tras valorar os gastos e os danos acreditados e a situación económica e social de cada solicitante, elevará ao órgano competente para resolver unha proposta individualizada motivada en relación coa axuda que se solicita, así como sobre a contía que se deba conceder en caso de proposta favorable, que en ningún caso poderá superar os límites que se establecen para cada suposto no artigo 3. A dita proposta será comunicada simultaneamente aos interesados para efectos informativos, sen prexuízo da resolución que se adopte.»

Sete. Dáse nova formulación ao punto 1 do artigo 8, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As axudas previstas no artigo 3.1.a) e d) serán financiadas nun 50 por 100 pola Administración xeral do Estado, con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.01.134 M.482 e 16.01.134M.472, respectivamente, dotadas co carácter de ampliáveis, para atencións de todo tipo motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia no vixente orzamento do Ministerio do Interior e, de ser o caso, o restante 50 por 100 polas outras administracións públicas segundo os acordos que se alcancen.»

Oito. Dáse nova redacción ao artigo 16, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Instrúese o Instituto de Crédito Oficial (ICO), na súa condición de axencia financeira do Estado, para instrumentar unha liña de préstamos por importe de ata 25 millóns de euros, que poderá ser ampliada polo Ministerio de Economía e Facenda en función da avaliación dos danos e da demanda consecuente, utilizando a mediación das entidades financeiras con implantación na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, coas cales se subscribirán os oportunos convenios de colaboración.

2. Estas liñas de préstamo, que terán como finalidade financiar a reparación dos danos causados a locais comerciais, así como a reposición de instalacións, tanto as existentes, como para cubrir os custos das instalacións equivalentes, sempre que se sitúen no municipio, e equipamentos industriais e mercantís, agrícolas, forestais, gandeiros e de regadío, automóbiles, motocicletas e ciclomotores de uso particular, vehículos comerciais, maquinaria agrícola e locais de traballo de profesionais, que se visen danados como consecuencia dos movementos sísmicos, materializaranse en operacións de préstamo concedidas polas ditas entidades financeiras, cuxas características serán:

a) Importe máximo: o do dano avaliado pola Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia ou, de ser o caso, polo Consorcio de Compensación de Seguros, descontado, de ser o caso, o importe do crédito que puidesen subscribir con cargo a liñas de crédito preferentes establecidas por iniciativa da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.

b) Prazo: cinco ou sete anos, cun de carencia, de ser o caso.

c) Xuro: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será do 1,50 % TAE, cunha marxe máxima de intermediación para estas do 0,50 %. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestameiro será do 2 % TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas na entidade financeira mediadora, a cal decidirá sobre a concesión do préstamo, e será ao seu cargo o risco da operación.

e) Vixencia da liña: o prazo para a disposición de fondos terminará o 31 de decembro de 2012.

3. A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo levaraa a cabo o ICO, no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta. dous.2, alínea a), do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, e, na súa virtude, o quebrantamento que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do 1,50 % será cuberto con cargo aos orzamentos xerais do Estado.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.*

Modifícase o punto 1 da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Consello de Seguridade Nuclear, a Corporación RTVE, as universidades non transferidas, a Axencia de Protección de Datos, o Consorcio da Zona Especial Canaria, a Comisión Nacional de Enerxía, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, a Comisión Nacional da Competencia, a Comisión Nacional do Sector Postal, o Consello Estatal de Medios Audiovisuais, a Comisión Nacional do Xogo, a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria, o Museo Nacional do Prado e o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía rexeranse pola súa lexislación específica e supletoriamente por esta lei.

O Goberno e a Administración xeral do Estado exercerán respecto de tales organismos as facultades que a normativa de cada un deles lles asigne, de ser o caso, con estrito respecto dos seus correspondentes ámbitos de autonomía».

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas respectivas competencias, ditarán cantas disposicións resulten necesarias para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO